

# Autoridade Portuaria



Sede: Peirao de Curuxeiras s/n, 15401 Ferrol  
43-23-44-4703-14-42-8-111

Tlfo. 981 338 000  
[www.apfsc.com](http://www.apfsc.com)  
[ferrol@apfsc.es](mailto:ferrol@apfsc.es)

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao é unha das 28 que existen en España e xestiona os portos de Ferrol (A Coruña) e San Cibrao (Lugo). O de Ferrol domina a ría do mesmo nome e a súa orixe está ligada ao barrio de Ferrol Vello, no que tamén naceu a cidade. É un porto comercial e industrial e está entre os máis importantes do Estado.

## Porto Interior

A visita ao porto interior é unha ruta moi recomendable para grupos de Infantil, Primaria e primeiro ciclo de Secundaria. Podemos chegar en bus ou vir en lancha desde o outro lado da ría (empresa Fernández Cabana). Veremos as embarcacións dos pescadores e de náutica-deportiva atracadas na **Dársena de Curuxeiras** e entraremos na lonxa, o edificio no que poxan o pescado e o marisco.

O grupo pode acceder ao interior do recinto portuario en bus e ver como funcionan as actividades de carga e descarga, a maquinaria coa que se fan estas operacións ou como son os mercantes que chegan a estes peiraos. Faise tamén parada no **Centro de Coordinación e Servizos (CCS)**, desde o que a Policía Portuaria controla, con **máis de 54 cámaras**, todo o que pasa no porto interior e exterior. Por mar e por terra, está todo vixiado!

O porto de Ferrol naceu hai máis de 100 anos en Curuxeiras. Aquí se iniciaron as actividades portuarias comerciais.

Ten unha superficie de máis de 446.000 metros cadrados e 1.800 metros de lonxitude de peiraos, con calados de ata 14 metros, para que poidan entrar barcos de tamaño medio e cruceiros.



## Porto exterior

O porto exterior, no que descargan os grandes buques, é un destino abraiante para rapaces de Secundaria e maiores. Chegamos en bus ao Centro de Coordinación e Servizos, un CCS como o que hai no porto interior, con Policía Portuaria vixiando a entrada e saída de buques. Veremos o peirao no que descargan os **Grandes Mercantes**. Traen moito **carbón**, para a produción de enerxía eléctrica, e levan **madeira**, para fabricar móbiles ou papel.



Na dársena exterior destacan os dous grandes guindastres da **Terminal de Contedores** de FCT, de 80 metros de altura. As mercancías chegan alí desde diferentes rutas polos océanos Índico e Atlántico dentro de contedores, as grandes caixas que transportan os chamados portacontedores.


Comenzou a se construír en 2001 e inaugurouse no 2007.

Ten un millón de metros cadrados de superficie e 1.500 metros de lonxitude de peirao, con 20 metros de calado, para que poidan atracar grandes barcos.

Entre 100 e 160 camións realizan unhas 850 viaxes ao día para trasladar o carbón á central térmica de Endesa, nas Pontes.

## Centro Interpretativo de Cabo Prioriño

Sabedes que os ingleses tentaron conquistar Ferrol? Os bravos veciños frearon esos ataques co apoio dos castelos de San Felipe e A Palma, así como de numerosas baterías. Queredes saber máis? No Centro de Interpretación de Cabo Prioriño volo contan.



O conxunto abrangue un **centro expositivo**, cunha mostra permanente sobre a evolución do contorno, as baterías defensivas e a expansión do porto ferrolán, e a **Batería de Punta Uñas**, de 1739, que foi recuperada hai uns anos. Nela había un pequeno cuartel, o polvorín e a estancia chamada "bala roxa", na que quentaban os proxectís antes de seren disparados. Nesta ruta, adecuada para grupos a partir do segundo ciclo de Primaria, tamén temos un estupendo punto de observación ornitolóxica e unhas fantásticas vistas.

## Ruta dos Faros


A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao ten **oito faros entre Ferrol e Ribadeo**, que xunto coas balizas e o GPS, permiten aos barcos orientarse tanto de día como de noite. O número de escintileos e a súa duración, é diferente en cada un, así os reconece o navegante. Pódense visitar en días laborables e horario de mañá.

**Cabo Prioriño**: comenzou a funcionar en 1854 e é o primeiro faro que atopan os barcos que acceden á ría de Ferrol. A torre mide cinco metros e a súa luz alcanza 23 millas náuticas. Dentro vive unha muller, fareira, que se ocupa do seu funcionamento. Desde aquí vemos as rías de Ferrol e Ares e a Torre de Hércules.

**Prioriño**: funciona desde 1853 e a torre mide sete metros. Moi preto, nos acantilados, hai unha antiga sirena acústica que servía para guiar aos barcos en días de moita brétema. Está deshabitado e conta cunha luz LED moi potente e ecolóxica.

**Punta Frouxeira**: un dos máis singulares de España, polo seu deseño, cunha torre branca e azul de 30 metros de altura. Funciona desde 1994 e en 2012 convertiuse no primeiro faro de gran alcance que funcionou con LED. Os súas luces consumen un 95% menos que a lámpada tradicional e duran máis de 100.000 horas. Ao seu redor hai túneles construídos con fines militares. Nesta zona o director de cine Roman Polanski rodou a película "A morte e a doncella".

**Punta Atoleira**: situado nunha pequena e alongada península en San Cibrao, ten dúas torres. A máis antiga foi construída en 1860 e a nova é de 1979. Xunto á primeira está a vivenda do fareiro.



### Apuntes

- Ruta patrimonial: industrial
- Materias relacionadas: Xeografía e Historia, Ciencias Sociais, Tecnoloxía
- Idades: de Infantil a Bacharelato, a visita adáptase ao grupo
- Gratuito, en horario laborable. No caso dos faros, necesariamente polas mañás. O Porto facilita persoal técnico ou guía para acompañar aos grupos
- Máis información: [www.dex excursion.net](http://www.dex excursion.net)